



PROCESO DE ESCOLARIZACIÓN ADMISIÓN DE ALUMNADO PARA O CURSO 2020/2021

O alumnado actualmente matriculado neste centro, que desexe continuar estudos nel, non precisa facer reserva de praza.

Prazo de PRESENTACIÓN DE SOLICITUDES DE ADMISIÓN: do 1 ao 20 de marzo. Pode facerse por medio do formulario normalizado a través da aplicación admisión alumnado (<https://www.edu.xunta.es/admisionalumnado/>) ou en papel, no centro que se solicite en primeiro lugar. Estará correctamente **asinada polo pai ou nai (en caso de separación polos dous obrigatoriamente)**. Deberá xuntarse, como mínimo:

- Dni do alumno/a** (obrigatorio a partir dos 14 anos), **libro de familia ou pasaporte**.
- Documento que acredite reunir os requisitos académicos esixidos**: Certificado de matrícula, ou resgardo selado da matrícula do curso actual, ou boletín de notas da 1ª avaliación.
- Se é o caso, convenio regulador ou **resolución xudicial de separación ou divorcio**.
- Se se opta a unha praza de necesidades específicas de apoio educativo (**NEAE**), achegarase tamén a **documentación xustificativa**. (En 1º de ESO resérvanse 3 postos por unidade para alumnado con NEAE).

A **normativa reguladora** do proceso de admisión recóllese no *Decreto 254/2012* de 13 de decembro (DOG 26/12/2012), na *Orde do 12/03/2013* (DOG 15/03/2013; corrección de erros en DOG 24/04/2013) e na *Orde do 25/01/2017* (DOG 01/02/2017).

Pódese ver na web <http://www.edu.xunta.gal/portal/node/18048>

A comunicación pública de se é necesario ou non entregar a documentación precisa para proceder á baremación de méritos, farase o día **23 de marzo**.

Se fose preciso baremar, por existir máis demanda que oferta de postos escolares, do **23 de marzo ao 3 de abril**, o alumnado deberá entregar toda a documentación xustificativa dos méritos alegados no apartado de baremo da súa solicitude de admisión (é importante ter ben cuberto ese apartado, pois neste prazo de entrega de documentación xa non se poderán alegar méritos non incluídos anteriormente).

Publicación das listaxes provisionais de admitidos e non admitidos: 24 de abril.
Prazo de **reclamacións: 27 de abril a 4 de maio**. Publicación das **listaxes definitivas** de admitidos e non admitidos: **14 de maio**.



O centro ten aprobado como Criterio complementario establecido polo centro, no apartado correspondente do baremo para a admisión, o seguinte: **“Outorgarase 1 punto para as solicitudes de admisión de alumnado procedente do CEIP O Pumar (Urdilde, Rois).** Para outorgalo será precisa a presentación dun certificado académico do ano 2018/2019.

Matrícula: O prazo ordinario é do 25 de xuño ao 10 de xullo. O prazo extraordinario é do 1 ao 10 de setembro (só para alumnado con materias pendentes pra setembro). **Atención á distribución de matrícula por días que fai o centro (preguntar en xuño).** Se finalizado o prazo de matrícula, esta non se tivese formalizado, teráselle por decaído no dereito á praza obtida (Art. 40.3 da *Orde do 12 de marzo de 2013*).

NOTAS INFORMATIVAS IMPORTANTES.-

-Recórdase que só se poderá **presentar unha ÚNICA SOLICITUDE de admisión.** En casode incumprimento desta norma, **a infracción determinará a perda dos dereitos de prioridade** que puidesen corresponder.

-O alumnado admitido debe **solicitar, se procede, a axuda de fondo de libros neste centro (o prazo é de 21 de maio a 21 de xuño, ambas datas incluídas).**

-O alumnado que non fixo reserva de praza e que non solicite Admisión no prazo establecido, deberá facer sempre unha solicitude extraordinario de admisión na Inspección Educativa de Santiago (que deberá ser quen autorice a admisión extraordinaria).

Brión, 28 de febreiro de 2020